



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

Número de expediente: 2016/C006/000001

Asunto: Contrato Administrativo Especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira.

1. PODER ADXUDICADOR: CONCELLO DE CEDEIRA

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE CEDEIRA	Número de Expediente	
	Tipo de Procedemento	de ABERTO
	Publicidade:	BOP, PERFIL CONTRATANTE E WEB MUNICIPAL
	Tipo de Contrato:	ESPECIAL
	Tramitación:	ORDINARIA
	Criterios Adjudicación:	VER PREGO

2. OBXECTO DO CONTRATO: Contrato Administrativo Especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira.

CPV: 55410000-7, servizos de xestión de bares

3. PREZO DO CONTRATO: CANON ANUAL MÍNIMO 600,00 € IVE non incluído

PREZO IVE ENGADIDO: 726,00 € (IVE calculado ao 21 %)

PREZO MÍNIMO: 600 EUROS/ANO IVE: 21% GASTOS PUBLICIDADE:0 EUROS

REVISIÓN DE PREZOS : non procede

Aplicación presupostaria: Ingreso 550.02

5. PRAZO DE CONTRATACIÓN: 2 anos

PRÓRROGA: SI: 2 ANOS

DURACIÓN MÁXIMA: 4 anos

6. GARANTÍAS:

PROVISIONAL: NON

DEFINITIVA : SI ASCENDE A 1.000,00 €

COMPLEMENTARIA NON

7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: DO NON

8.PERFIL DO CONTRATANTE DO <http://www.contratosdegalicia.es>

Outras Observacións: Deberá constar o CIF do empresario nos sobres presentados.

O prazo de presentación de ofertas é de 15 días naturais desde a última publicación do anuncio no perfil do contratante e no BOP.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,
Ana Veio Ruiz





Artigo 1º. – OBXECTO

A licitación ten por obxecto a contratación, mediante procedemento aberto, da EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO DE CEDEIRA.

A codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común dos contratos públicos (CPV) segundo o Regulamento CE nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento CE nº 2195/2002 do Parlamento europeo e do Consello, é a seguinte:

55410000-7, servizos de xestión de bares

Artigo 2º. - PREZO DO CONTRATO

Os licitadores proporán libremente o pago dun canon ao Concello, que non poderá ser inferior a 600€ mais I.V.E (ano). Os licitadores farán mención á cantidade anual, trimestral ou mensual, máis I.V.E., que ofrecen pola explotación da cafetería.

Artigo 3º. - HORARIO DE APERTURA

O adxudicatario obrígase a manter o establecemento aberto ao público:

- Do 15 de xuño ao 30 de setembro: todos os días (salvo o día de descanso)
 - O resto do ano non será obligatoria a apertura salvo que o propoñera na súa oferta.
- En todo caso, a hora de apertura e peche deberá someterse á aprobación municipal.

Permítese un día de descanso, excluídos venres, sábados e domingos.

Durante todo o ano, o **horario límite de peche** será o establecido na normativa autonómica. Segundo a normativa vixente da Orde de 16 de xuño de 2015 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia é ata as 02:30 para restaurantes e ata as 03.00 h para cafeterías.

Artigo 4º. - DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración da explotación cífrase en dous anos, contados a partir de a súa formalización; prorrogable ata un máximo de catro, incluída a duración inicial do contrato.

A devandita prórroga deberá ser solicitada polo adxudicatario cunha antelación mínima de 3 meses á extinción da vixencia inicial ou de cada prórroga. O órgano de contratación decidirá sobre a mesma antes da extinción da vixencia inicial ou da prórroga non estando vinculado pola solicitude do adxudicatario.

Artigo 5º. - INICIO DA PRESTACIÓN

O adxudicatario deberá comezar a prestar o servizo no prazo máximo de TRINTA DÍAS NATURAIS, dende a sinatura do contrato.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





Artigo 6º. – GARANTÍA

O adxudicatario deberá constituir garantía definitiva por importe de 1.000,00 euros. A devandita garantía prestarase en calquera das formas previstas no artigo 96 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e deberán depositarse na Tesourería Municipal.

Artigo 7º. - PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

As empresas licitantes presentarán os seus documentos e a proposición en dous sobres pechados e asinados polo proponente ou o seu representante, sobres que designará coas letras A e B, facendo constar en todos eles o título do procedemento, nome do licitador e contido de cada un deles. As proposicións deberán axustarse ao modelo que se insire como anexo neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, consignando a cantidade tipo que serve de base á licitación, ou ben sinalando a que se ofrece, en baixa, á expresada; facendo a oferta en letra, en forma clara, de modo que non haxa lugar a dúbidas ou confusións.

Tales proposicións, e os documentos que as acompañen deberán presentarse, no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou na Sede Electrónica do Concello (<http://sede.cedeira.es>), en horas sinaladas para a atención ao público, e dentro do prazo de **QUINCE DÍAS** naturais contados a partir do día seguinte á última publicación do anuncio (perfil do contratante do Concello de Cedeira ou no Boletín Oficial da Provincia).

A presentación de proposicións presume por parte da empresa oferente a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego, e das obrigas establecidas na regulamentación, acordos, convenios e demais normas aplicables ao caso, e a declaración responsable de que reúnen todas e cada una das condicións esixidas para contratar coa Administración Pública. O disposto na oferta do adxudicatario non poderá ser utilizado por este para eludir ou diminuír as obrigas que se desprendan da interpretación do establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Condicións Técnicas.

As plicas haberán de ser entregadas, dentro do prazo de admisión sinalado, no Rexistro Xeral, respectando sempre o segredo da oferta. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorrido, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

A proposición e documentación pertinente haberá de entregarse baixo sobres pechados, a satisfacción do presentador, ao efecto da cal el mesmo poderá lacrar, precintar ou adoptar, respecto aos devanditos sobres, cantas medidas de seguridade estime necesarias ao seu dereito;

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016
Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





e neles figurará a inscrición: "PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO DE CEDEIRA".

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á normativa vixente.

Artigo 8º. – DOCUMENTACIÓN

En cada plica incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE A - DOCUMENTACIÓN:

A documentación que se sinala deseguido, segundo o establecido no art. 146.4 do TRLCSP, será substituída por unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE COAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, segundo o ANEXO I** deste prego.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o Anexo I, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

- O nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
- A participación de cada un na unión a constituír
- A asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.
- O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

1.Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

-Os *empresarios individuais*: Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

-*Se fosen persoas xurídicas*: escritura de constitución ou modificación, no seu caso inscrita no Rexistro Mercantil, cando fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa de aplicación.

Se non fose esixible: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Dilixencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaría,
Ana Velo Ruiz





Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF).

-As empresas comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidas ou por declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

-As empresas non españolas de estados signatarios de acordo sobre o espazo económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): acreditarán a súa capacidade de obrar mediante inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TRLCSP)

-As empresas non comunitarias: Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Tamén achegar informe de reciprocidade así como declaración de sometemento a xurisdición dos tribunais e xulgados españois.

-As empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1e) do TRLCSP)

Poderes e bastanteo:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha Sociedade ou persoa xurídica deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade xurídica en cuxo nome actúe.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil naqueles casos en que a dita inscrición fose legalmente esixida.

Os poderes deberán bastantearse previamente polo Secretario do Concello ou funcionario habilitado.

2. Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Deberán achegar unha declaración responsable de que a empresa non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos arts. 60 e 146.1.c do TRLCSP, seguindo o seguinte modelo:

D.....con DNI.....e domicilio en.....provincia de.....en nome propio ou en representación da empresa.....á que represento no procedemento de adxudicación do contrato.....(título): **DECLARO:**

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016 A Secretaria, Ana Velo Ruiz	
---	--



Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art.60 e 61 da LCSP.

Que esta ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

3. Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional:

A solvencia **económica e financeira** do empresario poderá acreditarse a lo menos por un ou máis dos seguintes medios:

- a) Volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito ó que se refira o contrato, por importe igual ou superior a 12.000,00 €
- b) Nos casos nos que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior a 150.000 €
- c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ó peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obrigación de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior a 12.000,00 €

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario se efectuará mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

A **solvencia técnica** dos empresarios poderá acreditarse a lo menos por un ou máis dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

c) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

d) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se adxuntará a documentación acreditativa pertinente.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





4. Unións temporais de empresas

Para o caso de que se presente unha unión temporal de empresas indicaranse os nomes, circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias de conformidade co art. 59 do TRLCSP e o establecido no presente prego.

5. Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

6. Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciados numéricamente.

SOBRE B - OFERTA ECONÓMICA E MELLORAS

Deberanse presentar os seguintes documentos:

- Oferta económica:

Conforme ao modelo de proposición económica que aparece ao final deste Prego (Anexo II) as proposicións económicas deberán ser formuladas en número e letra. En caso de discordancia entre o número e a letra, considerárase como válida a oferta expresada en letra.

- Melloras ofertadas (segundo o indicado no artigo 9º – criterios de adxudicación)

Neste sobre incluíranse as características definidoras da oferta, que permitan aplicar os criterios de adxudicación conforme ao previsto no artigo 10º deste prego.

Artigo 9º. - APERTURA DE SOBRES. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas realizarase pola Mesa de Contratación Permanente constituída por acordo do Concello Pleno do día 08 de xullo de 2015, modificada por acordo plenario do 28.04.2016, coa seguinte composición:

PRESIDENTE: O Alcalde

Suplente: Manuel Pérez Riola

VOGAIS:

-María José Rodríguez Pérez

Suplente: Manuela López Rodríguez

-José Camilo Casal García

Suplente: Robustiano Labraña Barrero

-A Secretaria da Corporación

Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental

-O Interventor Municipal

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental

-O Arquitecto Municipal

Suplente: O Arquitecto Técnico Municipal

SECRETARIA: María Montserrat Pérez Garrote, funcionaria encargada dos expedientes de contratación.

Suplente: Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario.

En primeiro lugar, a Mesa procederá á apertura dos sobres A e calificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fora necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

En segundo lugar, procederá á apertura e exame dos Sobres B. A Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos para a valoración das proposicións con arreglo aos criterios e as ponderacións establecidas neste Prego.

Á vista da valoración das proposicións a Mesa de Contratación propondrá o adxudicatario do contrato, e trasladará ao Órgano de Contratación as proposicións presentadas polos licitadores que foran admitidas xunto coa acta e a proposta que estime pertinente.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada, deberá motivar a súa decisión.

No caso de que varias empresas licitadoras empatasen como proposición máis vantaxosa terá preferencia na adxudicación do contrato aquela que acredite ter no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento (2%). Se varias empresas licitadoras das que empatasen en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato a proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sin atender necesariamente o valor económico da mesma, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución, cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente prego.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou a execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo, durante o prazo de presentación de ofertas, antes ou despois de: apertura de plicas, proposta da mesa de contratación, adxudicación, antes da formalización do contrato, etc) faculta á Corporación a esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas do TRLCSP. Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos. Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08-06-2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161.4 do TRLCSP.

A valoración das ofertas realizarase segundo os seguintes **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

A) Canon da concesión ofertado: ata 5 puntos.

Obterá 5 puntos a proposición que ofrezca o maior canon e 0 puntos a que oferte o canon mínimo (600 euros, I.V.E. excluído). As demais ofertas valoraránse proporcionalmente.

B) Melloras: ata 21 puntos, segundo o seguinte:

- Colocación tarima exterior de roble, eucalipto ou canalú tratado: Segundo plano adxunto, ata 40 metros cadrados: 1 punto por cada 8 metros cadrados ou fracción (máximo 5 puntos)
- Peche perimetral madeira: Suministro e montaxe de peche, de 0,95 metros de altura, en tramos de dous metros de lonxitude, formada por postes verticais e dous travesaños horizontais de madeira de pino silvestre, tratada en autoclave, con clase de risco IV, acabada con barniz protector, e tablas verticais de madeira de extremos redondeados e cantos romos, de varios cores, con tornillería de aceiro galvanizado, embutida e protexida con tapones de seguridade, tomadas 100 mm en formigón ata 30 metros lineais: 1 punto por cada 6 metros lineais ou fracción (máximo 5 puntos)
- Reparación de bancos exteriores en pino rojo (medidas 445 x 27 x 6) (2 puntos)

Melloras e arranxos dentro do local:

- △ Tablón de 468 x 27 x 6 e 4 tiras de 50 x 12 x 6 esquinas (2 puntos)
- △ Puerta pino rojo de 203 x 72 x 3,5 similar ás existentes (3 puntos)
- △ Mesas de 1940 x 95 x 45 mesa de pino tratada en autoclave a vacío-presión contra carcoma e termitas, con tablonos de mínimo 1940 x 95 x 45, con dous bancos por mesa (2 puntos por mesa, con un máximo de 4 puntos)

Artigo 10º. – ADXUDICACIÓN

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, requirirase ao licitador que presentase a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de diez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento presente:

a) A documentación a que se refire o artigo 8º do presente prego (Sobre A)

b) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

c) Formalizar unha póliza de seguros específica para o sector da hostalería, cun importe mínimo de 150.000,00 €, na que se inclúan as coberturas de responsabilidade civil, danos materiais que

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016
Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,
Ana Velo Ruiz





se causen ao Concello ou nas instalacións obxecto da licitación, responsabilidades do adxudicatario en relación ao persoal ó seu cargo, responsabilidade empresarial, e en xeral, a cobertura de calquera obriga que derive deste contrato. Dita póliza deberá permanecer vixente durante todo o período de duración do contrato.

d) Xustificante de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou no seu caso, declaración do/a licitador/a comprometéndose a darse de alta no IAE no caso de resultar adxudicatario/a. A acreditación de estaren ao corrente no pago do Imposto de Actividades Económicas para aqueles licitadores que non estean exentos conforme ao artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, levarase a cabo mediante a presentación do alta ou, de ser o caso, do último recibo do imposto.

e) Constituir a garantía definitiva prevista no presente prego, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP

A Administración poderá rehusar a admisión de avales e seguros de caución provenientes de entidades que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia do impago de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avales ou seguros de caución, e que mantiveran impagados os importes correspondentes a avales ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois recibirse na entidade o primer requerimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituir o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fose rechazado pola Administración.

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entederase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que houberen quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificase aos licitadores e simultaneamente publicárase no perfil de contratante.

Artigo 11º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento administrativo non mais tarde dos quince días hábiles seguintes a contar desde a notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado polo Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Artigo 12º. - PAGAMENTO DO CANON

O canon que resulte da adxudicación do concurso será satisfeito polo concesionario ao Concello en doce mensualidades, ou trimestralmente ou anualmente (a elección do adxudicatario ao inicio de cada ano natural), durante os primeiros quince días de cada período.

Este canon será independente de toda clase de impostos, arbitrios, dereitos ou taxas municipais que poidan devengarse, os cales se liquidarán, no seu caso, polas tarifas da Ordenanza correspondente.

En particular, a adxudicación suporá a alta do adxudicatario nas taxas pola prestación do servizo de recollida de residuos e da taxa polo subministro e depuración de augas.

Artigo 13º. - OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

As obrigas do adxudicatario veñen explicitadas no Prego de Prescricións Técnicas.

Os traballadores que a empresa adxudicataria empregue para a execución do contrato dependerán exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá os dereitos e obrigas inherentes a súa calidade de patrón, e estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo referidas ao dito persoal, así como ás ordenanzas laborais e convenios colectivos que correspondan, sendo a Administración local de todo allea ás devanditas relacións laborais.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que alcance en modo algún ao Concello de Cedeira.

Á extinción do contrato non poderá producirse, en caso ningún, a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal da Administración contratante.

O adxudicatario virá obrigado a solicitar as licenzas e permisos municipais e autorizacións sectoriais necesarias para as obras de mellora e mantemento do local.

Artigo 14º. - RISCO E VENTURA

A execución do contrato realizarase estrictamente a risco e ventura do contratista, salvo no caso de forza maior e nos termos recollidos na normativa de contratación pública.

Artigo 15º. – GASTOS

O adxudicatario virá obrigado a pagar o total importe dos gastos de anuncios; importe que o adxudicatario deberá ingresar no Concello, no prazo de quince días naturais a contar desde a notificación da adxudicación. O Concello poderá reintegrarse destes gastos, se fose preciso, con

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta do Goberno Local en sesión de data 08.06.2016.
Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,
Ana Velo Ruiz





cargo á garantía imposta polo contratista, sen prexuízo da obriga que, en tal suposto, alcanzará ao devandito contratista, en canto a completar a garantía.

Tamén queda o adxudicatario obrigado a satisfacer á Facenda Pública o importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato, a cuxos efectos deberá presentar, dentro dos prazos legais, a documentación pertinente, nas Oficinas Liquidadoras.

Artigo 16º. - DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA

O trámite para a devolución da garantía definitiva acomodarse ao previsto no artigo 102 do TRLCSP. Será requisito necesario para a devolución da garantía o previo levantamento da acta-inventario de bens e existencias por parte do representante da Administración en presenza do adxudicatario da que resulte a entrega das instalacións en perfecto estado de conservación.

Artigo 17º. - CESIÓN DO CONTRATO

Os dereitos dimanantes do contrato non poderán ser cedidos a terceiro, a non ser que o Concello de Cedeira autorice expresamente e con carácter previo, a cesión.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase tamén respecto á celebración de subcontratos.

Artigo 18º. – SUBCONTRATACIÓN

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP.

Artigo 19º. - INTERPRETACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do TRLCSP, ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Artigo 20º. - RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ademais das previstas legalmente nos artigos 223 e concordantes do TRLCSP, procederá declarar a resolución nos seguintes casos:

- Incumprimento dos termos da oferta presentada.
- Incumprimento da obriga das melloras e mantemento e reparación das instalacións.
- Incumprimento reiterado das obrigas recollidas nos pregos.
- Falta de pagamento do canon.
- Incumprimento do prazo para a iniciación da prestación do servizo.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





- A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para o seu comezo.
- O desestimento ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordado pola Administración.
- As modificacións do contrato, aunque foran sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións no prezo do contrato en contía superior, en mais ou en menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, IVE excluído, ou representen unha alteración substancial do mesmo.

Artigo 21º. - JURISDICIÓN COMPETENTE

Para todas as cuestións que puidesen suscitarse con motivo deste contrato, será competente a Orde Xurisdiccional contencioso-administrativo, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico de as Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 22º. - DEREITO APLICABLE

O contrato rexeráse polas presentes cláusulas económico-administrativas, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no non disposto neste, serán de aplicación as normas previstas na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e, en canto non se opoñan, as restantes normas do Dereito administrativo, en defecto deste último, serán de aplicación as normas do Dereito privado.

Cedeira, 01 de xuño de 2016
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Pregón foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016, Cedeira, 8 de xuño de 2016.

A Secretaría,
Ana Velo Ruiz





ANEXO I

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS**

*DON/DONA.....con
domicilio en CP....., provisto de
D.N.I. nº en nome propio ou en nome e representación
de.....*

SINALA como datos do licitador os seguintes:

*Nome e apelidos ou denominación
social.....NIF.....
.....teléfono.....
fax.....correo electrónico.....*

Dirección para notificacións.....

*MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato
de.....*

*SOLICITA que se considere presentada en tempo e forma a documentación que
presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e*

DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

- 1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou a prestación que constitúe o obxecto do contrato.*
- 2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao amparo dos seus estatutos ou regras fundacionais.*
- 3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.*
- 4. Que o que asina esta declaración, actúa no seu nome (ou en representación da empresa que figura no encabezado).*
- 5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.*
- 6. Que a empresa :*
 - Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais.*
 - Atópase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica e das obrigacións coa Seguridade Social.*

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016

A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Cedeira, ou que se as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgún dos seguintes rexistros (achégase o informe correspondente), cuxa inscrición está vixente á data actual:

Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, con nº:

Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, con nº:

Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, con nº

Outros:

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e 86 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, non concorre con empresas vinculadas conforme ao artigo 42.1 do Código de Comercio, ou de concorrer, as empresas vinculadas, ou socios no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, son as/os seguintes (CIF e denominación):

1.....

2.....

3.....

4.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.e do TRLCSP).

10. No caso de Unións Temporais de empresas, comprométense formalmente a constituíla no caso de resultar adxudicatarios, de conformidade con art. 59 do TRLCSP e o establecido no presente prego, polas seguintes empresas e coa participación que a continuación se indica (CIF, denominación e porcentaxe de participación):

1.....

2.....

3.....

11. Que coñece e acepta cantas obrigas derívanse deste Prego de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o intrega.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016 A Secretaria, Ana Velo Ruiz





ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

"Don/Dona....., veciño/a de..... provisto de Documento Nacional de Identidade número....., actuando en nome propio (ou no de..... C.I.F.....), ben decatado das condicións administrativas e técnicas e demais documentación que integra o expediente que ha de rexer na licitación para adxudicación de en Cedeira, anunciada en, o día....., comprométese á realización do obxecto do presente contrato con estrita suxeición aos expresados documentos, polo canon de:euros/ano, máis IVE. (*canon mínimo 600 euros/ano, máis IVE*) (A cantidade expresarase en letra, escrita en forma clara).

Comprométome así mesmo a que **o horario límite de peche será o establecido pola normativa autonómica vixente.**

Acompaña á presente a documentación previda.

Domicilio que sinala para notificacións: As notificacións en relación á presente licitación e a todos os efectos que desta se deriven, deberán practicarse en....., rúa n.º....., na persoa de Don/Dona

(Data e sinatura do proponente)"

Dilixencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016

A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





Nº Expediente:

Asunto: Contrato Administrativo Especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira.

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

ARTIGO 1º. - OBXECTO

A presente licitación ten por obxecto a adxudicación, mediante procedemento aberto, da "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO DE CEDEIRA"

O servizo levará aparelado os seguintes apartados, ademais dos especificados para tal servizo.

- 1.-Apertura e atención ó público do servizo de cafetería e expedición de comidas, bebidas, bocadillos, refrescos, xelados, etc., cun horario de mañá, tarde e noite de acordo cos horarios autorizados pola Comunidade Autónoma para cada época do ano.
- 2.- Mantemento integral do edificio e espazos complementarios postos a disposición do adxudicatario polo Concello.
- 3.- Limpeza Xeral do mesmo.

ARTIGO 2º. - OBRIGAS XERAIS DO ADXUDICATARIO DA EXPLOTACIÓN

- a) As instalacións e equipamentos necesarios para prestar estes servizos que non existan deberán ser aportados polo adxudicatario, tendo o carácter de bens non revertíbeis ao Concello (salvo as melloras ofertadas polo adxudicatario na súa oferta que serán propiedade do Concello)
- b) Levará aparelada a conservación, mantemento e limpeza integral das instalacións cedidas e postas á súa disposición
- c) Exercer de forma axeitada e eficiente e segundo os usos do sector, a explotación dos servizos de cafetería e anexos da Área Recreativa do Paseo Marítimo de Cedeira.
- d) A adquisición de mobiliario, maquinaria, bens perecedoiros e subministracións de calidade axeitada para unha explotación da súa categoría e o mantemento e stocks e materiais de reposición que garantan o axeitado servizo de cafetería.
- e) Dispoñer de persoal abondo para atender en condicións óptimas as instalacións e servizos ofertados no establecemento. O Concello queda exento de toda a responsabilidade co persoal do adxudicatario, sendo, por tanto, de conta de este os pagamentos de cotas da Seguridade Social, accidentes de traballo e demais que se estableza.
- f) Acatar as ordes particulares que reciba do Concello, referentes á boa explotación das instalacións.
- g) Admitir ao servizo a todos os usuarios e visitantes da instalación Municipal. Si o adxudicatario fose unha asociación poderá utilizar o edificio como local social sempre que non limite o acceso do público.

Dilixencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta do Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,
Ana Velo Ruiz





- h) Obter toda clase de licenzas, permisos, autorizacións, etc., que sexan necesarios para a explotación da actividade obxecto do presente contrato e durante o seu período de vixencia.
- i) Conservar os locais e instalacións en perfecto estado de mantemento, limpeza e hixiene. Durante o período de explotación da cafetería, correrán a cargo de o adxudicatario todas as reparacións, tanto de obras coma de instalación, calquera que sexa o seu alcance ou causa.
- j) Facerse cargo dos gastos de subministración de enerxía eléctrica, teléfono, adsl, auga, rede de sumidoiros, lixo e demais análogos.
- k) Non allear bens afectados á explotación que houbesen de reverter ao Concello, nin os gravar, salvo autorización expresa da Corporación.
- l) Exercer por si a explotación e non a ceder nin a traspasar a terceiros sen a anuencia da Corporación.
- m) Subscribir co representante da Administración facultado para iso, acta de entrega e formalización do inventario no que se recolla con detalle o mesmo.
- n) O Contratista queda suxeito a resarcir os danos e indemnizar os prexuízos que se causen ao Concello nas instalacións obxecto da licitación, ou a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, ben sexa directamente ou a traves do persoal propio.
- o) Aos efectos deberá formalizar unha póliza de seguros específica para o sector da hostalería, cun importe mínimo de 150.000,00 €, na que se inclúan as coberturas de responsabilidade civil, danos materiais que se causen ao Concello ou nas instalacións obxecto da licitación, responsabilidades do adxudicatario en relación ao persoal ó seu cargo, responsabilidade empresarial, e en xeral, a cobertura de calquera obriga que derive deste contrato. Dita póliza deberá permanecer vixente durante todo o período de duración do contrato.
- p) Cumprir co persoal que precise tomar ao seu cargo as obrigas legais para con el, que en ningún momento adquirirán relación ningunha co Concello.
- q) Poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia que afecte ao funcionamento da instalación, sen prexuízo da adopción, pola súa banda, das medidas necesarias para o mantemento en perfecto estado dos bens obxecto do contrato.

ARTIGO 3º. - SANCIONES

O incumprimento do contrato dará lugar ás sancións a que en dereito houbera lugar, logo do expediente instruído para os efectos.

Infraccións leves:

- A falta de aseo do persoal ó servizo do concesionario.
- A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo.
- O retraso inxustificado de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible.
- A falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais e axentes da autoridade.
- Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo.
- Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúen infracción doutra natureza.
- A demora no pago do canon superior a 30 días.

Infraccións Graves

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





- A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.
- A resistencia ós requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia.
- A utilización de sistemas de traballo diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista, no seu caso.
- A demora no pago do canon superior a 60 días.
- A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.

Infraccións Moi Graves

- A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano competente, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
- A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.
- A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga non imputables ó contratista.
- A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto de prestacións esenciais.
- A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.
- A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns, salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.
- A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.
- A demora no pago do canon superior a 120 días.

SANCIÓNS:

- Faltas LEVES: multa de ata 300 euros.
- Faltas GRAVES: multa de contía comprendida entre 300 euros e 1.000 euros.
- Faltas MOI GRAVES: multa de contía comprendida entre 1.000 euros e 3.000 euros.

Tanto o importe das multas, como o das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación do servizo.

Diligencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





As sancións imporanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ó adxudicatario.

ARTIGO 4º. - VIXILANCIA E SEGURIDADE

O adxudicatario obrígase a vixiar as instalacións, procurando a súa seguridade e dos usuarios e está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

ARTIGO 5º. - RECEPCIÓN E ENTREGA DAS INSTALACIÓNS Á FINALIZACIÓN DO CONTRATO

Ao termo da concesión por calquera das causas legalmente establecidas, reverterán ao Concello todas as instalacións en perfecto estado de uso e explotación, aínda cando foran executadas polo adxudicatario, sen que aquel percibise por iso pagamento ou indemnización algunha.

A entrega e recepción das instalacións e servizos farase polo Concello coa formalización das oportunas actas-inventario, que se realizará por representante da Administración en presenza do adxudicatario.

ARTIGO 6º. - SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN

Durante a explotación o concesionario virá obrigado a facilitar ao Concello cantos datos se soliciten sobre o seu uso, podendo inspeccionar en calquera momento as instalacións e o funcionamento do servizo, ou mesmo someterse as actuacións de control que se poidan requirir.

ARTIGO 7º. - INTERPRETACIÓN DO CONTRATO

O Concello ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e de resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Cedeira, 01 de xuño de 2016

O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil


PLANO

Dilixencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.06.2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016

A Secretaria,

Ana Velo Ruiz





Dilixencia que se estende para facer constar que o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08/06/2016 Cedeira, 8 de xuño de 2016
A Secretaría.

Ana Velo Ruiz



